



UN PRACER COÑECERTE! (NICE TO MEET YOU!)



Elaboración propia basada en recursos con licenza de uso



ÍNDICE

UN PRACER COÑECERTE! (*NICE TO MEET YOU!*)

1. PRESENTACIÓNS (<i>INTRODUCING YOURSELF</i>).....	1
1.1 Saúdos (<i>Greetings</i>).....	1
1.2 Presentándote e presentando outras persoas (<i>Introducing yourself and other people</i>).....	1
1.3 Fórmulas de cortesía (<i>Being polite</i>).....	2
1.4 Como estás? (<i>How are you?</i>).....	2
2. PAÍSES E NACIONALIDADES (<i>COUNTRIES AND NACIONALITIES</i>).....	3
2.1 De onde es? (<i>Where are you from?</i>).....	3
2.2 Diferenza entre Gran Bretaña, Reino Unido e Inglaterra:.....	4
<i>Exercicios</i>	4
3. PRONOMES PERSOAIS (<i>SUBJECT PRONOUNS</i>).....	5
<i>Exercicios</i>	5
4. O VERBO SER E ESTAR (<i>VERB TO BE</i>).....	6
<i>Exercicios</i>	8
5. A EXPRESIÓN DA EXISTENCIA EN PRESENTE (<i>THERE IS/THERE ARE</i>).....	9
5.1 Forma afirmativa.....	9
5.2 Forma negativa.....	9
5.2 Forma interrogativa.....	10
<i>Exercicios</i>	10
6. INFORMACIÓN PERSOAL (<i>PERSONAL INFORMATION</i>).....	11
<i>Exercicios</i>	12
SOLUCIÓNS.....	13

1. PRESENTACIÓNS (INTRODUCING YOURSELF)

1.1 Saúdos (Greetings)




Imaxes de elaboración propia baseadas en recursos con licenza de uso.

Podemos despedirnos dicindo ata un día concreto, por exemplo, "See you on Monday!". Para iso temos que empregar a expresión "see you on + día da semana".

Tamén podemos saudar utilizando as seguintes expresións:

Good morning!	Good afternoon!	Good evening!	Good night!
<i>Bos días!</i> (ata as doce do mediodía)	<i>Boas tardes!</i> (dende as 12h ata as 17h-18h)	<i>Boas tardes/noites!</i> (dende as 17h ou 18h ata a hora de deitarse)	<i>Boas noites!</i> (é unha despedida antes de durmir ou irse pola noite)

1.2 Presentándote e presentando outras persoas (Introducing yourself and other people)



Imaxes de elaboración propia baseadas en recursos con licenza de uso.

Á pregunta "What is your name?" (Como te chamas? / Cal é o teu nome?) podemos contestar: a) *My name is...* (O meu nome é/Chámome...) ou b) *I am...* (Eu son...).

En ocasións, podemos usar un apóstrofo (') para abreviar palabras. Esta forma chámase contracción e úsase principalmente na lingua oral e na escrita informal:


My name's Mary = My name is Mary / I'm Robert = I am Robert

1.3 Fórmulas de cortesía (Being polite)



Imaxes de elaboración propia baseadas en recursos con licenza de uso.

1.4 Como estás? (How are you?)



Imaxes de elaboración propia baseadas en recursos con licenza de uso.

Á pregunta de "How are you?" (Como estás?), podemos facer unha resposta máis amable engadindo "Thank you" ou "Thanks" (Grazas): "I am fine, thanks" (Estou ben, grazas).

Le e practica o seguinte diálogo (Read and practice the following dialogue):

Sarah: Hello! My name is Sarah. What is your name?

Peter: Hi! I am Peter.

Sarah: Nice to meet you.

Peter: Nice to meet you, too.

Sarah: How are you?

Peter: Fine. Thank you. And you?

Sarah: I am good. Thanks.

Peter: Great! See you tomorrow. Bye.

Sarah: See you. Goodbye.

2. PAÍSES E NACIONALIDADES (COUNTRIES AND NATIONALITIES)

Flag (<i>bandeira</i>)	Country	País	Nationality	Nacionalidade
	Argentina	<i>Arxentina</i>	Argentinian	<i>arxentino/a</i>
	Australia	<i>Australia</i>	Australian	<i>australiano/a</i>
	Brazil	<i>Brasil</i>	Brazilian	<i>brasileiro/a</i>
	(Great) Britain	<i>Gran Bretaña</i>	British	<i>británico/a</i>
	Canada	<i>Canadá</i>	Canadian	<i>canadense</i>
	China	<i>China</i>	Chinese	<i>chinés/esa</i>
	England	<i>Inglaterra</i>	English	<i>inglés/esa</i>
	France	<i>Francia</i>	French	<i>francés/esa</i>
	Germany	<i>Alemaña</i>	German	<i>alemán/ana</i>
	Ireland	<i>Irlanda</i>	Irish	<i>irlandés/esa</i>
	Italy	<i>Italia</i>	Italian	<i>italiano/a</i>
	Japan	<i>Xapón</i>	Japanese	<i>xaponés/esa</i>
	Mexico	<i>México</i>	Mexican	<i>mexicano/a</i>
	Portugal	<i>Portugal</i>	Portuguese	<i>portugués/esa</i>
	Russia	<i>Rusia</i>	Russian	<i>ruso/a</i>
	Scotland	<i>Escocia</i>	Scottish	<i>escocés/esa</i>
	Spain	<i>España</i>	Spanish	<i>español/a</i>
	The USA	<i>Estados Unidos</i>	American	<i>estadounidense</i>
	Wales	<i>Gales</i>	Welsh	<i>galés/esa</i>


Imaxes de elaboración propia baseadas en recursos con licenza de uso.

As nacionalidades en inglés escríbense con maiúscula.

2.1 De onde es? (Where are you from?)

<p>Where are you from?</p> <p><i>(De onde es?)</i> Para preguntar pola orixe dunha persoa.</p>	<p>I am from Spain.</p> <p><i>(Son de España)</i> Usamos o verbo <i>to be</i> (ser-estar): <i>I am / I'm.</i></p>	<p>What is your nationality?</p> <p><i>(Cal é a túa nacionalidade?)</i></p>	<p>I am Spanish.</p> <p><i>(Son español/a)</i> Usamos o verbo <i>to be</i> (ser-estar): <i>I am / I'm.</i></p>
---	--	--	---

2.2 Diferenza entre Gran Bretaña, Reino Unido e Inglaterra:



"United Kingdom labeled map" (UKPhoenix79, CC BY-SA 3.0)

- **Inglaterra** (*England*): É un país cuxa capital é Londres. Forma parte dunha illa xunto con Gales (capital Cardiff) e Escocia (capital Edimburgo). Estes 3 países forman Gran Bretaña.
- **Gran Bretaña** (*Great Britain*): É unha illa formada por 3 países (Inglaterra, Gales e Escocia).
- **Reino Unido** (*the UK*): Está formado por Gran Bretaña (Inglaterra, Gales e Escocia) e Irlanda do Norte, cuxa capital é Belfast e atópase na illa de Irlanda, onde tamén está a República de Irlanda (capital Dublín).

A illa de Gran Bretaña e a illa de Irlanda forman, xunto con outras pequenas illas, as Illas Británicas (*the British Isles*). Polo tanto, *English* refírese á xente de Inglaterra, *British* á de toda a illa de Gran Bretaña (Inglaterra, Gales e Escocia) e *Irish* aos habitantes da illa de Irlanda.

EXERCICIOS

Exercicio 1

Completa a seguinte táboa (*Complete the following table*):

Country	Nationality	Country	Nationality
Great Britain		Spain	
	American		Scottish
China		Australia	
	English		Argentinian

Exercicio 2

Completa o seguinte diálogo (*Complete the following dialogue*):

a) _____ are you from? I _____ from Spain.	b) _____ are you? I am fine, thanks.	c) _____ is your name? My _____ is Rose.
---	---	---

3. PRONOMES PERSOAIS (*SUBJECT PRONOUNS*)

INGLÉS	GALEGO
I	Eu
You	Ti
He/She/It	El/Ela
We	Nós
You	Vós
They	Eles/Elas





Elaboración propia basada en recursos con licencia de uso.

- O pronome de 1º persoa singular "I" sempre se escribe en maiúscula: *"I am from Spain"*.
- O pronome de 3º persoa singular "it" utilízase para falar de animais ou obxectos:
"The dog is brown" (O can é marrón)
"It is brown" (El é marrón)
Non obstante, se coñecemos o nome do animal, podemos utilizar "he" se é macho ou "she" se é femia.
- É obrigatorio empregar sempre os pronomes persoais en inglés. En galego podemos dicir "eu son francés" ou "son francés". Non obstante, en inglés non se pode omitir e, polo tanto, só se podería dicir: *"I am French"*.

EXERCICIOS

Exercicio 3

Indica a resposta correcta (Choose *the correct answer*):

 <i>they / it</i>	 <i>he/she</i>	 <i>they / I</i>	 <i>he/she</i>
 <i>we/ he</i>	 <i>you/ I</i>	 <i>he/ it</i>	 <i>she/ they</i>

Imaxes de elaboración propia baseadas en recursos con licencia de uso.

4. O VERBO SER E ESTAR (VERB TO BE)

O verbo *to be* ten varios significados, sendo o principal ser e estar:

"I am Pedro" (Eu son Pedro) / *"I am in the classroom"* (Eu estou na clase)

Non obstante, tamén significa:

- Ter anos (*to be... years old*), ter fame ou sede (*to be hungry/thirsty*), ter frío ou calor (*to be cold/hot*). Exemplos:
- *I am 22 years old* (Eu teño 22 anos) / *I am hungry* (Teño fame) / *I am cold* (Teño frío)
- Facer frío ou calor (*to be cold/hot*): *"It's very cold"* (Fai moito frío).

A continuación imos ver como se conxuga este verbo:

FORMA AFIRMATIVA			
PRONOMES	FORMA LARGA	FORMA CORTA	TRADUCCIÓN
I	am	'm	Eu son/estou
You	are	're	Ti es/estás
He/She/It	is	's	El, ela é/está
We	are	're	Nós somos/estamos
You	are	're	Vós sodes/estades
They	are	're	Eles, elas son/están

FORMA NEGATIVA			
PRONOMES	FORMA LARGA	FORMA CORTA	TRADUCCIÓN
I	am not	'm not	Eu non son/estou
You	are not	aren't	Ti non es/estás
He/She/It	is not	isn't	El, ela non é/está
We	are not	aren't	Nós non somos/estamos
You	are not	aren't	Vós non sodes/estades
They	are not	aren't	Eles, elas non son/están

Imaxes de elaboración propia baseadas en recursos con licenza de uso.

- Podemos empregar a forma larga ou curta, pero temos que ter en conta que a forma contraída é máis informal.

VERBO	PRONOMES	...?	TRADUCIÓN	RESPOSTA CURTA
Am	I	a student?	Son eu estudante?	Yes, I am No, I'm not
Are	You	a student?	Es ti estudante?	Yes, you are No, you aren't
Is	He/She/It	a student?	É el/ela estudante?	Yes, he/she/it is No, he/she/it isn't
Are	We	students?	Somos estudantes?	Yes, we are No, we aren't
Are	You	students?	Sodes estudantes?	Yes, you are No, you aren't
Are	They	students?	Son estudantes?	Yes, they are No, they aren't

Imaxes de elaboración propia baseadas en recursos con licenza de uso.

- Para facer unha pregunta, invertemos a orde.

He is a student.
Is he a student?

- Nas respostas curtas, sempre temos que usar o pronome, non o nome propio ou común. Por exemplo:

Is Sarah a student?
Yes, she is. / ~~Yes, Sara is.~~

- Usamos a forma longa na resposta curta afirmativa.

Is Sarah a student?
Yes, she is. / ~~Yes, she's~~



EXERCICIOS

Exercicio 4

Completa as oracións coa forma afirmativa do verbo to be (*Complete the sentences with the affirmative form of the verb to be*).

- | | |
|--------------------------------------|----------------------------|
| a) She _____ from Spain. | e) Pietro _____ Italian. |
| b) I _____ Spanish. | f) Helen _____ British. |
| c) Peter and Lucy _____ from France. | g) The dog _____ at home. |
| d) You _____ from Poland. | h) We _____ from Scotland. |

Exercicio 5

Completa as oracións coa forma negativa do verbo to be (*Complete the sentences with the negative form of the verb to be*).

- I _____ British. I'm from France.
- We're from China. We _____ Japanese.
- Peter and Lucy are students. They _____ teachers.
- Pietro _____ German. He's Italian.
- The school _____ in Paris. It's in Madrid.
- You are Irish. You _____ from Britain.

Exercicio 6

Escribe as palabras na orde correcta para facer preguntas. Despois escribe a resposta curta (*Write the words in the correct order to make questions. Write the short answers*).

- an English dictionary / it / is / ? _____ Yes, _____
- she / British / is / ? _____ No, _____
- from / Luc / France / is / ? _____ Yes, _____
- the students / are / Brazil / from / ? _____ No, _____
- you / are / a teacher / ? _____ Yes, _____



5. A EXPRESIÓN DA EXISTENCIA EN PRESENTE (*THERE IS/THERE ARE*)

A estrutura en inglés "*there is*" e "*there are*" utilízase para expresar cantidade e ambos significan "hai" en galego. Por exemplo:

There is a pencil. (Hai un lapis)

There are two pencils. (Hai dous lapis)

A diferenza do galego, en inglés distinguimos entre singular e plural. Polo tanto, imos ver como se constrúe:

5.1 Forma afirmativa

Utilizamos "*there is*" cando falamos en singular e "*there are*" en plural.

SINGULAR	There is (There's) (<i>Hai</i>)	a pen. / an apple. (<i>un bolígrafo / unha mazá</i>)
PLURAL	There are (<i>Hai</i>)	two pens. / two apples. (<i>dous bolígrafos / dúas mazás</i>)

*A forma singular pódese contraer "*there's*" pero a plural non.

5.2 Forma negativa

Utilizamos "*there isn't*" cando falamos en singular e "*there aren't*" en plural.

SINGULAR	There isn't / There is not (<i>Non hai</i>)	a pen. / an apple. (<i>un bolígrafo / unha mazá</i>)
PLURAL	There aren't / There are not (<i>Non hai</i>)	two pens. / two apples. (<i>dous bolígrafos / dúas mazás</i>)



5.2 Forma interrogativa

Temos que inverter o verbo "to be" e a partícula "there":

SINGULAR	PREGUNTA		RESPOSTA CURTA
	Is there (Hai)	a pen? / an apple? (un bolígrafo? / unha mazá?)	Yes, there is. (Sí) No, there isn't. (Non)
PLURAL	Are there (Hai)	two pens? / two apples? (dous bolígrafos? / dúas mazás?)	Yes, there are. (Sí) No, there aren't. (Non)

EXERCICIOS

Exercicio 7

Escribe "there is" ou "there are" (Write "there is" or "there are").

- | | |
|-----------------------|-------------------------|
| a) _____ five apples. | d) _____ a dictionary. |
| b) _____ an apple. | e) _____ an orange. |
| c) _____ two pens. | f) _____ three pencils. |

Exercicio 8

Escribe "there isn't" ou "there aren't" (Write "there isn't" or "there aren't").

- | | |
|--------------------------|--------------------|
| a) _____ eight students. | c) _____ two dogs. |
| b) _____ an apple. | d) _____ a car. |

Exercicio 9

Escribe "Is there" ou "Are there" e a resposta curta. (Write "Is there" or "Are there" and the short answer).

- | | |
|-------------------------------|-----------------------------------|
| a) _____ a bag? Yes, _____. | c) _____ a door? No, _____. |
| b) _____ two bags? No, _____. | d) _____ three doors? Yes, _____. |



6. INFORMACIÓN PERSOAL (*PERSONAL INFORMATION*)

PERSONAL DETAILS (<i>Datos persoais</i>)	QUESTIONS (<i>Preguntas</i>)	ANSWERS (<i>Respostas</i>)
NAME (<i>Nome</i>)	What is your name? (<i>Cal é o teu nome?</i>)	My name is... (<i>O meu nome é...</i>)
SURNAME (<i>Apelido</i>)	What is your surname? (<i>Como te apelidas?</i>)	My surname is... (<i>O meu apelido é...</i>)
AGE (<i>Idade</i>)	How old are you? (<i>Cantos anos tes?</i>)	I am ... years old. (<i>Teño ... anos</i>)
MARITAL STATUS (<i>Estado civil</i>)	Are you single/ married/ divorced/ separated? (<i>Estás solteiro/a / casado/a / divorciado/a / separado/a?</i>)	Yes, I am. (<i>Si</i>) No, I'm not. (<i>Non</i>)
NATIONALITY (<i>Nacionalidade</i>)	What is your nationality? (<i>Cal é a túa nacionalidade?</i>) Where are you from? (<i>De onde es?</i>)	I'm Spanish. (<i>Son español/a</i>) I'm from Spain. (<i>Son de España</i>)
ADDRESS (<i>Enderezo</i>)	What is your address? (<i>Cal é o teu enderezo?</i>)	My address is 7 Paris Street, London. (<i>O meu enderezo é Rúa París, 7, Londres</i>)
PHONE NUMBER (<i>Número de teléfono</i>)	What is your phone number? (<i>Cal é o teu número de teléfono?</i>)	My phone number is... (<i>O meu número é...</i>)
EMAIL ADDRESS (<i>Enderezo de correo electrónico</i>)	What is your email address? (<i>Cal é o teu enderezo de correo electrónico?</i>)	My email address is... (<i>O meu enderezo é...</i>)

Ten en conta os seguintes aspectos:

- Para dicir a nosa idade, non empregamos o verbo "have" (ter), senón o verbo to be como vimos con anterioridade: I am 18 years old (Teño 18 anos).
- Os enderezos en inglés seguen a seguinte orde:

Número	Nome da rúa	Street/ avenue/ square / road (<i>rúa, avenida, praza, estrada</i>)	Nome da cidade / vila
7	Paris	Street,	London



- Os números de teléfono noméanse de un en un, agás que haxa dous iguais seguidos; neste caso, dise "double" + o número. Se hai un 0 pódese dicir "oh" ou "zero": My phone number is 901 456 778 (nine oh one four five six double seven eight).
- Para ler os nomes de correos electrónicos e páxinas web debemos coñecer estas palabras:

. dot	@ at	/ forward slash	_ underscore	- hyphen
<u>lucy_8@gmail.co.uk</u> (lucy underscore eight at g mail dot c o dot u k)				

EXERCICIOS

Exercicio 10

Le os seguintes perfís persoais e completa o recadro (*Read the following personal profiles and complete the chart*).

<p>1 My name is Jack. My surname is Smith. I am American, from New York in the USA. My phone number is 00298767 and my email address is jacks@gmail.com.</p>	<p>2 I'm Pierre Durand. I'm French. I'm from Paris in France. My email address is pd_89@email.fr and my phone number is 7899458.</p>
--	---

	PROFILE 1	PROFILE 2
Name		
Surname		
City		
Country		
Nationality		
Telephone Number		
Email Address		

SOLUCIÓNS









Exercicio 1

Country	Nationality	Country	Nationality
Great Britain	British	Spain	Spanish
The USA	American	Scotland	Scottish
China	Chinese	Australia	Australian
England	English	Argentina	Argentinian

Exercicio 2

a) _WHERE_ are you from? I _AM_ from Spain.	b) _HOW_ are you? I am fine, thanks.	c) _WHAT_ is your name? My _NAME_ is Rose.
--	--	---

Exercicio 3

 <i>they / it</i>	 <i>he/she</i>	 <i>They / I</i>	 <i>he/she</i>
 <i>we/he</i>	 <i>you / I</i>	 <i>he/it</i>	 <i>she/they</i>

Imaxes de elaboración propia baseadas en recursos con licenza de uso.

Exercicio 4

- a) is c) are e) is g) is
b) am d) are f) is h) are

Exercicio 5

- a) Am not / 'm not b) Are not / aren't c) Are not / aren't



d) Is not / isn't

e) Is not / isn't

f) Are not / aren't

Exercicio 6

a) Is it an English dictionary? Yes, it is.

b) Is she British? No, she isn't.

c) Is Luc from France? Yes, he is.

d) Are the students from Brazil? No, they aren't.

e) Are you a teacher? Yes, I am.

Exercicio 7

a) There are

c) There are

e) There is

b) There is

d) There is

f) There are

Exercicio 8

a) There aren't

b) There isn't

c) There aren't

d) There isn't

Exercicio 9

a) Is there a bag? Yes, there is.

c) Is there a door? No, there isn't.

b) Are there two bags? No, there aren't.

d) Are there three doors? Yes, there are.

Exercicio 10

	PROFILE 1	PROFILE 2
Name	Jack	Pierre
Surname	Smith	Durand
City	New York	Paris
Country	The USA	France
Nationality	American	French
Telephone Number	00298767	7899458
Email Address	jacks@gmail.com	pd_89@email.fr